



Axenda da atención temperá en Galicia

2015-2017



XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE:

LIÑA ESTRATÉXICA 1. INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	2
LIÑA ESTRATÉXICA 2. FORMACIÓN	4
LIÑA ESTRATÉXICA 3. PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN	6
LIÑA ESTRATÉXICA 4. COORDINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DE ATENCIÓN TEMPERÁ	8
LIÑA ESTRATÉXICA 5. PARTICIPACIÓN E APOIO FAMILIAR.....	12
LIÑA ESTRATÉXICA 6. INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN.....	16
LIÑA ESTRATÉXICA 7. CALIDADE.....	19
DEPARTAMENTOS RESPONSABLES DE PROMOVER AS ACTUACIÓNS.....	21
CRONOGRAMA	22

ABREVIATURAS EMPREGADAS:

U.A.T.	Unidade de atención temperá
MATTIAS	Manual de traballo, información e asesoramento en servizos sociais
SIUSS	Sistema de información de usuarios de servizos sociais
EOXIS	Estruturas organizativas de xestión integrada
TB	Consellería de Traballo e Benestar
SA	Consellería de Sanidade
ED	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





LIÑA ESTRATÉXICA 1. INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Obxectivo 1.1.

Informar e sensibilizar á sociedade para que a inclusión das persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela sexa unha realidade desde as idades máis temperás.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 1.1.1. Publicación e difusión de folletos informativos, sobre a atención temperá e a súa Rede, destinados a profesionais dos tres sistemas de protección e ás familias.	⇒ Nº de folletos editados ⇒ Nº de folletos enviados ⇒ Nº de entidades que recibiron os folletos ⇒ Tipo de entidade (educación, saúde ou servizos sociais)
ACTUACIÓN 1.1.2. Colaboración e participación das tres consellerías, na difusión da rede galega de atención temperá en foros, congresos, seminarios e outras accións de divulgación relacionadas coa atención temperá	⇒ Nº de colaboracións ⇒ Nº de participacións profesionais
ACTUACIÓN 1.1.3. Realización de xornadas informativas conxuntas, sobre o novo marco normativo da dirixidas as/os profesionais dos tres sistemas de protección: asistencia primaria de Sanidade, de educación infantil de 0-6 anos e dos servizos sociais comunitarios, básicos e específicos.	⇒ Nº de xornadas realizadas ⇒ Nº solicitantes desagregado por sexo e posto de traballo. ⇒ Nº de asistentes desagregado por sexo e posto de traballo

Obxectivo 1.2.

Mellorar o coñecemento sobre os recursos e servizos existentes no ámbito da atención temperá na Comunidade Autónoma.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 1.2.1. Crear na Web da Consellería de Traballo e Benestar dun espazo propio (banner), dedicado a atención temperá, con enlace desde as consellerías de Sanidade e de Educación	⇒ Dispoñer de banner
ACTUACIÓN 1.2.2. Realización de accións de información dirixidas	⇒ Nº de accións informativas realizadas





XUNTA DE GALICIA

á cidadanía sobre; dereitos, prestacións e recursos existentes na Rede de atención temperá ⇒ Execución das accións de información

Obxectivo 1.3.

Identificar a poboación susceptible de prestación da atención temperá de Galicia, para facilitarlle o acceso a rede galega de atención temperá

ACTUACIÓNS

ACTUACIÓN 1.3.1.

Realización dunha ficha informativa destinada aos concellos que dispoñen de servizos de atención temperá e recollida, sistematización e avaliación da información recibida das UAT municipais.

INDICADORES

- ⇒ Nº de equipos municipais que cubriron as fichas
- ⇒ Informe de avaliación sobre a información contida no conxunto de fichas recibidas





LIÑA ESTRATÉXICA 2. FORMACIÓN

Obxectivo 2.1.

Promover a realización dun plan anual de formación continua en relación coa atención temperá

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 2.1.1. Definición do marco de colaboración en materia de formación en atención temperá, coa Escola Galega de Administración Pública e as tres consellerías con competencias en materia de atención temperá, a través de convenio de colaboración anual.	<ul style="list-style-type: none">⇒ Sinatura do convenio entre as tres consellerías e a EGAP⇒ Nº de accións formativas executadas⇒ Nº de solicitudes/ posto de traballo/ámbito desagregado por sexo⇒ Nº de profesionais formados/as no plan/desagregado por sexo, posto de traballo e ámbito
ACTUACIÓN 2.1.2. Planificación e execución do plan de formación anual en materia de atención temperá, dirixido a profesionais dos tres sistemas que estean vinculados a atención temperá (de 0-6 anos).	<ul style="list-style-type: none">⇒ Presentación do plan de formación
ACTUACIÓN 2.1.3 Recoñecemento e homologación da formación en atención temperá no marco do convenio de colaboración entre a EGAP e as 3 consellerías con competencias en atención temperá .	<ul style="list-style-type: none">⇒ Nº de accións formativas recoñecidas⇒ Nº de accións recoñecidas a profesionais de saúde desagregado por sexo⇒ Nº de accións recoñecidas a profesionais de educación desagregado por sexo⇒ Nº de accións recoñecidas a profesionais de servizos sociais desagregado por sexo
ACTUACIÓN 2.1.5. Avaliación por parte da CTB, do plan de formación anual en materia de atención temperá, mediante mecanismos de avaliación tipo enquisa	<ul style="list-style-type: none">⇒ Índice de satisfacción das persoas asistentes ás accións formativas desenvolvidas no plan de formación⇒ Nº de enquisas realizadas





Obxectivo 2.2.

Apoiar accións formativas realizadas por entidades do 3º sector e/ ou outras institucións.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 2.2.1. Apoio á realización de accións formativas externas relacionadas coa atención temperá: seminarios, congresos e outras actividades realizadas na Comunidade Autónoma.	⇒ Nº de accións levadas a cabo co apoio da Administración autonómica

Obxectivo 2.3.

Promover a realización de un plan anual de formación continua en atención temperá dirixida ao persoal sanitario.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 2.3.1. Execución do plan de formación anual de formación en materia de atención temperá, no que estean presentes profesionais de atención temperá, primaria e hospitalaria das diferentes EOXIs.	⇒ Nº de accións formativas recoñecidas ⇒ Nº de participantes desagregado por sexo
ACTUACIÓN 2.3.2. Realización de obradoiros prácticos dirixidos a persoal sanitario sobre habilidades para a detección precoz da atención temperá e intervención cos pacientes e súas familias.	⇒ Nº de accións /nº de formacións feitas ⇒ Nº de participantes desagregado por sexo



LIÑA ESTRATÉXICA 3. PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN

Obxectivo 3.1.

Mellorar a identificación e o proceso de derivación de casos nas escolas infantís e polos servizos sociais comunitarios.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 3.1.1. Deseño dunha ferramenta de detección e identificación de casos de trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelos destinada ao persoal coidador das escolas infantís e ao persoal do programa de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios.	<ul style="list-style-type: none">⇒ Elaboración da ferramenta⇒ Nº de escolas infantís que dispoñen da ferramenta de detección⇒ Nº de departamentos de servizos sociais comunitarios que dispoñen da ferramenta de detección
ACTUACIÓN 3.1.2. Divulgación do modelo de derivación de casos aos servizos de pediatría, para as escolas infantís e para o programa de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios.	<ul style="list-style-type: none">⇒ Elaboración da ferramenta⇒ Nº de escolas infantís que dispoñen da ferramenta de derivación⇒ Nº de departamentos de servizos sociais comunitarios que dispoñen da ferramenta de derivación.
ACTUACIÓN 3.1.3. Actualización 4º nivel de SIUSS(sistema de información de usuarios de servizos sociais), para a identificación, valoración social e derivación a pediatría polos servizos sociais comunitarios, de menores en situación de vulnerabilidade, en relación ao seu desenvolvemento.	<ul style="list-style-type: none">⇒ SIUSS actualizado

Obxectivo 3.2.

Definir na planificación da Rede galega de atención temperá, as accións que deben levarse a cabo segundo as necesidades territoriais.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 3.2.1. Deseño e divulgación dun documento de planificación para os equipos de atención temperá dos servizos sociais comunitarios, que recolla a demanda e a atención temperá prestada.	<ul style="list-style-type: none">⇒ Documento elaborado





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 3.3.

Promover os servizos e recursos necesarios para a atención temperá e a mellora da coordinación dos recursos existentes que permitan unha atención temperá máis integral e coordinada.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 3.3.1. Desenvolvemento regulamentario do Decreto 183/2013 do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.	⇒ Publicación da orde de desenvolvemento
ACTUACIÓN 3.3.2. Canalizar nun dispositivo as tarefas de apoio técnico e coordinación dos servizos de atención temperá dependentes da rede pública de servizos sociais.	⇒ Nº de accións de coordinación realizadas
ACTUACIÓN 3.3.3. Elaborar o mapa conxunto dos recursos existentes das tres consellerías, de dependencia municipal e do 3º sector, que permita analizar xeograficamente as necesidades nesta materia	⇒ Publicación do mapa

Obxectivo 3.4.

Promover a participación dos e das profesionais dos equipos de atención temperá na planificación e programación da rede de atención temperá de Galicia.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 3.4.1. Detección das necesidades territoriais en materia de atención temperá por parte dos equipos de atención temperá e valoración conxunta co departamento autonómico correspondente.	⇒ Nº de valoracións realizadas
ACTUACIÓN 3.4.2. Plan trimestral de reunión cos equipos de atención temperá, co obxecto de facelos partícipes, e polo tanto suxeitos activos, da planificación e programación en materia de atención temperá .	⇒ Nº de reunións realizadas ⇒ Nº de profesionais participantes desagregado por sexo e posto de traballo





LIÑA ESTRATÉXICA 4. COORDINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Obxectivo 4.1.

Consolidar os recursos existentes en materia de atención temperá e promoción de novos recursos segundo a planificación e programación da rede galega de atención temperá.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.1.1. Establecemento no CEGADI (<i>centro galego de desenvolvemento integral</i>), do centro de referencia autonómico en atención temperá, concibido como un espazo polivalente de coordinación, formación, investigación e apoio técnico á rede de atención temperá.	⇒ Nº de accións levadas a cabo polo centro de desenvolvemento integral en materia de atención temperá
ACTUACIÓN 4.1.2. Liña de axudas da CTB, para a posta en marcha de servizos de atención temperá e a súa consolidación, segundo a planificación da rede galega de atención temperá.	⇒ Convocatoria da liña de axudas ⇒ Nº de entidades solicitantes. ⇒ Nº de entidades beneficiarias

Obxectivo 4.2.

Cooperar para avaliar e homoxeneizar co sistema sanitario e educativo, os procedementos de atención temperá nas Unidades de atención temperá da rede galega.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.2.1. Cooperación das 3 consellerías na elaboración da documentación que deba utilizarse na rede de atención temperá.	⇒ Nº de reunións mantidas con esta finalidade
ACTUACIÓN 4.2.2. Compromiso de manter informadas as demais consellerías sobre a información que se publique nas web respectivas.	⇒ Nº de comunicacións enviadas aos departamentos correspondentes





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 4.3.

Garantir o tránsito máis axeitado de saída da rede de atención temperá, cara os servizos que lle sexan necesarios ás nenas e nenos maiores de 6 anos con trastorno do desenvolvemento.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.3.1. Definición no desenvolvemento regulamentario do Decreto 183/2013, polo que se crea a rede galega de atención temperá, das medidas necesarias que se establecerán para os procesos de tránsito: incorporación ao sistema educativo, alta na rede de atención temperá.	⇒ Nº de medidas definidas para o tránsito ⇒ Nº de actuación realizadas pola rede para mellorar/acompañar os procesos de tránsito
ACTUACIÓN 4.3.2. Establecemento dun protocolo de recoñecementos, de forma que todas e todos os menores que estean sendo atendidos na rede galega de atención temperá, deberán ser recoñecidos polos equipos de valoración de discapacidade e de dependencia antes de ser dados de alta na rede de atención temperá salvo decisión en contrario das persoas responsables legais.	⇒ Nº de valoración realizadas ⇒ Tempo medio de tramitación destas solicitudes
ACTUACIÓN 4.3.3. Colaboración interprofesional: Os servizos de valoración da discapacidade e de dependencia da CTB contarán cos informes do equipo de atención temperá que veña atendendo a/ó menor.	⇒ Nº de informes emitidos por esta causa

Obxectivo 4.4.

Establecer un método común de recollida de información , para toda a rede de atención temperá en soporte informático

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.4.1. Mellora dos sistemas de rexistro de información existentes e deseño de un programa informático realizado tendo en conta as aplicacións informáticas actuais que permita a integración dos tres sistemas,	⇒ Disponibilidade da base de datos da 1ª fase ⇒ Disponibilidade do programa informático en web da 2ª fase





XUNTA DE GALICIA

e en colaboración coa AMTEGA, en dúas etapas: a curto prazo contar con unha base de datos que permita rexistrar os casos e a intervención básica nas U.A.T. e nunha 2ª etapa deseñar o programa informático en soporte web que utilizará a rede galega de atención temperá .

Obxectivo 4.5.

Realizar os retornos informativos sobre as accións de coordinación á atención temperá directa da rede galega de atención temperá para que se poda beneficiar toda a rede da retroalimentación tanto teórica como práctica.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.5.1. Dispoñibilidade dos retornos de información procedentes dos servizos sociais comunitarios, a través do SIUSS.	⇒ Nº de valoracións sobre atención temperá en SIUSS ⇒ Nº de recursos aplicados de atención temperá en SIUSS
ACTUACIÓN 4.5.2. Dispoñibilidade da información, co establecemento de espazos para compartir a información que se xere na rede galega de atención temperá.	⇒ Espazos dispoñible nas webs de Sanidade, de Educación e de Benestar. ⇒ Espazos dispoñible na web MATIASS

Obxectivo 4.6.

Propoñer pautas de coordinación e de seguimento da evolución do/a menor por parte das unidades da rede ás entidades/dispositivos que o/a deberán atender despois da alta na unidade de atención temperá (U.A.T.)

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.6.1. Colaboración e coordinación, ofertada polas unidades de atención temperá ás entidades relacionadas cos nenos/as maiores de 6 anos, para favorecer a mellor evolución do/a menor e de apoio a súa familia. Comunicación de altas dende as U.A.T., aos servizos educativos, servizos sociais comunitarios e sanitarios, coa futura intervención recomendada/ proposta para o/a menor, cando proceda.	⇒ Nº de accións de colaboración, realizadas ⇒ Nº de altas comunicadas





Obxectivo 4.7.

Desenvolver o proceso asistencial de atención tempera

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.7.1. Implantación do PAI nas distintas EOXIs	⇒ Nº de EOXIs co PAI implantado
ACTUACIÓN 4.7.2. Avaliación anual dos indicadores s do PAI	⇒ Media dos % de cumprimento dos indicadores contemplados no PAI

Obxectivo 4.8.

Desenvolvemento e implantación do protocolo de retorno ó fogar dende atención hospitalaria á atención primaria.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 4.8.1. Avaliación anual da súa implementación.	⇒ % de cumprimentación do protocolo en nenos/as que son remitidos dende unidades de rehabilitación ao seu fogar no marco da atención temperá



LIÑA ESTRATÉGICA 5. PARTICIPACIÓN E APOIO FAMILIAR

Obxectivo 5.1.

Promover a participación familiar no proceso de desenvolvemento do/a menor.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.1.1. Definición e establecemento do protocolo de participación da familia, en cada un dos procesos de atención temperá que lle afecte.	⇒ Disponibilidade do protocolo

Obxectivo 5.2.

Potenciar que as familias dispoñan da información precisa para o acceso aos servizos e recursos aos que teñan dereito.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.2.1. Promoción de escolas de pais e nais en colaboración cos servizos sociais comunitarios e co 3º sector do ámbito da atención temperá.	⇒ Nº de actividades de escolas de pais e nais dos servizos sociais comunitarios ⇒ Nº de actividades de escolas de pais e nais do 3º sector e promovidas pola CTB ⇒ Nº de familias participantes en cada actividade
ACTUACIÓN 5.2.2. Formar en materia de atención temperá aos profesionais da intervención comunitaria, para que podan ofrecer unha información e asesoramento de calidade.	⇒ Nº de profesionais de servizos sociais comunitarios que asistiron as accións formativas/sexo e posto de traballo

Obxectivo 5.3.

Potenciar a súa participación nas propostas de actuación, nas medidas de apoio e na avaliación da calidade dos servizos.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.3.1. Definición e establecemento do protocolo de participación da familia en colaboración coas entidades do 3º sector do ámbito da atención temperá nas propostas de actuación dos servizos.	⇒ Disponibilidade do protocolo





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 5.4.

Informar ás familias en relación coas súas necesidades de apoio mutuo, de asociación e de formar parte de organizacións do 3º sector que teñan como obxecto da súa actuación na atención temperá .

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.4.1. Colaboración, apoio técnico, información e asesoramento ás «Escolas de Familias» e grupos de autoaxuda, do ámbito da atención temperá.	⇒ Nº de accións de colaboración establecidas
ACTUACIÓN 5.4.2. Colaboración do 3º sector do ámbito da atención temperá no deseño das políticas públicas de atención temperá .	⇒ Nº de accións de colaboración establecidas
ACTUACIÓN 5.4.3 Apoio específico ás familias nos procesos de tránsito que afecten ao menor; incorporación a escola, alta na rede de atención temperá traslados /cambios de centros.	⇒ Nº de accións de apoio levadas a cabo nos procesos de tránsito

Obxectivo 5.5.

Promover a formación e apoio ás familias para favorecer e mellorar a realización das funcións parentais.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.5.1. Definición do procedemento de colaboración e coordinación entre as U.A.T. e os servizos educativos coa finalidade de prestar o maior e mellor apoio ás familias usuarias de atención temperá.	⇒ Nº de coordinacións entre as U.A.T. e os servizos educativos

Obxectivo 5.6.

Establecer unha coordinación continuada co programa de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.6.1. Definición do procedemento de colaboración e coordinación entre o programa de intervención	⇒ Nº de coordinacións entre as U.A.T. e os servizos sociais comunitarios básicos





XUNTA DE GALICIA

familiar dos servizos sociais comunitarios e as U.A.T. correspondentes, de tal forma que estas terán constancia da intervención socio-familiar que se estea realizando coas familias usuarias de ambos servizos.

Obxectivo 5.7.

Promover espazos de convivencia, respiro e de prevención de situacións de sobrecarga, para familias e/ou persoas cuidadoras.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.7.1. Realización de xornadas e de accións formativas para as familias, en colaboración co 3º sector, encamiñadas cara un modelo participativo de apoio mutuo.	⇒ Nº de accións formativas para as familias ⇒ Nº de familias solicitantes ⇒ Nº de familias participantes
ACTUACIÓN 5.7.2. Adopción de medidas de respiro, a través de programas de vacacións asistidas ou xornadas familiares interactivas, dentro da propia comunidade autónoma, para que as familias se atopen, descansen e se interrelacionen nun ámbito fóra do medio cotiá.	⇒ Nº de actuacións levadas a cabo ⇒ Nº de familias solicitantes ⇒ Nº de familias participantes

Obxectivo 5.8.

Facilitar ás familias, con menores con trastorno no desenvolvemento ou risco de padecelo, que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica o acceso a servizos de atención temperá .

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.8.1. Posta en funcionamento de medidas (definición dos requisitos) para achegar os servizos de atención temperá ao domicilio naqueles casos que o requiran, pola distancia do domicilio a unha U.A.T. ou polo trastorno do desenvolvemento da/o menor	⇒ Nº de actuacións levadas a cabo nos domicilios pola rede de atención temperá





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 5.9.

Facilitar ás familias, con menores con trastorno no desenvolvemento ou risco de padecelo, que vivan no medio rural, a participación nas actuacións da rede que estean dirixidas ás familias.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 5.9.1. Realizacións de accións de sensibilización no medio rural co obxecto de facilitar a participación familiar nas actuacións da rede.	⇒ N ^o de actuacións levadas a cabo no medio rural





LIÑA ESTRATÉXICA 6. INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN

Obxectivo 6.1.

Fomentar a investigación cuantitativa e cualitativa en materia de atención temperá en cada unha das instancias investigadoras nesta materia (equipos profesionais, universidades, 3ºsector...).

ACTUACIÓN	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.1.1. Realización de estudos sobre a incidencia territorial dos distintos trastornos do desenvolvemento en toda a Comunidade Autónoma.	⇒ Nº de estudos realizados atendendo á incidencia territorial

Obxectivo 6.2.

Promover a investigación relacionada coas metodoloxías e técnicas de abordaxe das distintas tipoloxías de trastorno.

ACTUACIÓN	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.2.1. Promoción de acordos de colaboración coas universidades galegas que teñan liñas abertas de investigación en materia de atención temperá.	⇒ Nº de acordos asinados

Obxectivo 6.3.

Participar nas investigacións que en materia de atención temperá se realicen na Comunidade Autónoma, dende outros ámbitos ou administracións.

ACTUACIÓN	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.3.1. Cooperación coas distintas instancias da rede para facilitar a labor investigadora das administracións con competencias nesta materia	⇒ Nº de colaboracións realizadas





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 6.4.

Estimular a interrelación entre os equipos profesionais de atención temperá directa da rede para compartir boas prácticas coa finalidade de nutrir con elas a investigación que nesta materia se realice na Comunidade Autónoma.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.4.1. Creación de estímulos á interacción entre os equipos de profesionais da rede galega de atención temperá para a realización de traballos de investigación, compartir boas prácticas, formar profesionais, titorizar persoas recién graduadas ou no último ano de graduación, a través de un recoñecemento específico.	⇒ Creación dun premio destinado a equipos e profesionais da atención temperá ⇒ Nº de profesionais/ equipos presentados/as ao premio

Obxectivo 6.5.

Colaborar cos departamentos das universidades de Galicia, que estean vinculados á formación e á investigación en materia de atención temperá.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.5.1. Promoción dunha cátedra de atención temperá nas universidade galegas.	⇒ Cátedra creada

Obxectivo 6.6.

Potenciar a interrelación entre os equipos profesionais de atención directa e as universidades de Galicia.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.6.1. Promoción da realización de prácticas con finalidade investigadora de carreiras do ámbito da atención temperá ou de mestrado en atención temperá nos equipos dependentes da rede pública de atención temperá .	⇒ Nº de prazas de estudantes/curso nas U.A.T.
ACTUACIÓN 6.6.2. Apoiar e estimular a interrelación entre as U.A.T. e as universidades galegas cos departamentos universitarios de titulacións relacionadas coa atención temperá.	⇒ Nº de equipos que manteñen relacións de colaboración coas universidades galegas





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 6.7.

Apoiar a investigación e o estudo sobre a atención temperá no centro autonómico de referencia da rede galega de atención temperá (CEGADI).

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.7.1. Dispoñibilidade, a través do centro galego de desenvolvemento integral para a realización de actividades de carácter formativo e de investigación ás institucións que o precisen que estean vinculadas a atención temperá	⇒ Nº de actividades realizadas no centro

Obxectivo 6.8.

Potenciar o uso, desenvolvemento e a difusión de produtos de apoio.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.8.1. Realización de proxectos con tarefas de divulgación desde o centro de referencia (CEGADI) para o coñecemento e promoción do uso de produtos de apoio	⇒ Nº de traballos de divulgación

Obxectivo 6.9.

Promover a interrelación e a colaboración co centro de referencia estatal de autonomía persoal e axudas técnicas (CEAPAT) e participar no desenvolvemento de produtos de apoio.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 6.9.1. Promoción da creación e a divulgación de recursos innovadores, para o desenvolvemento persoal dos menores (recursos lúdicos, educativos, material de apoio á accesibilidade, ao estudo, a ocupación do tempo libre...)	⇒ Nº de recursos creados.





XUNTA DE GALICIA

LIÑA ESTRATÉXICA 7. CALIDADE

Obxectivo 7.1.

Definir e establecer os criterios comúns de actuación para todos os equipos profesionais de atención temperá .

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 7.1.1. Elaboración e publicación da normativa pola que se establecen os requisitos de autorización e acreditación das entidades prestadoras de atención temperá de Galicia no marco da norma que regule e estableza os requisitos específicos de autorización e acreditación dos servizos definidos pola carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención temperá ás persoas en situación de dependencia.	⇒ Publicación da norma
ACTUACIÓN 7.1.2. Desenvolvemento, polos 3 sistemas de protección nos distintos niveles da súa actuación, da documentación relativa ao proceso completo de intervención en atención temperá.	⇒ Nº de documentos desenvolvidos

Obxectivo 7.2.

Garantir os estándares de calidade propostos polo Consello autonómico de atención temperá.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 7.2.1. Elaboración e publicación dunha guía de boas prácticas das U.A.T. que conforman a rede de atención temperá de Galicia.	⇒ Publicación da guía
ACTUACIÓN 7.2.2. Elaboración, para os centros e servizos de atención temperá dunha serie de indicadores de calidade que permitan realizar a avaliación da calidade da práctica diaria na rede.	⇒ Publicación de unha batería de indicadores de calidade
ACTUACIÓN 7.2.3. Adopción dun sistema de xestión da calidade común para toda a rede de atención temperá .	⇒ Sistema implementado





XUNTA DE GALICIA

Obxectivo 7.3.

Promover a avaliación de resultados e de impacto na rede de atención temperá de Galicia.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 7.3.1. Elaboración, recollida, tratamento e publicación da documentación de avaliación dos servizos de atención temperá	⇒ Nº de equipos avaliados
ACTUACIÓN 7.3.2. Elaboración e publicación anual da memoria da rede pública de atención temperá.	⇒ Memoria publicada

Obxectivo 7.4.

Garantir a participación das familias usuarias na avaliación dos servizos de atención temperá que estean utilizando.

ACTUACIÓNS	INDICADORES
ACTUACIÓN 7.4.1. Definición do procedemento de participación das familias nos procesos de avaliación dos servizos	⇒ Nº de avaliacións realizadas con participación familiar





DEPARTAMENTOS RESPONSABLES DE PROMOVER AS ACTUACIÓNS

LIÑAS ESTRATEXICAS	INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN			FORMACIÓN			PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN				COORDINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DE A.T.								PARTICIPACIÓN E APOIO FAMILIAR									INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN									CALIDADE																									
	1			2			3				4								5									6									7																									
OBXECTIVOS	1	2	3	1	2	3	1	2	3	4	1	2	3	4	5	6	7	8	1	2	3	4	5	6	7	8	9	1	2	3	4	5	6	7	8	9	1	2	3	4																						
ACTUACIÓNS	1	2	3	1	2	1	1	2	3	4	1	1	2	3	1	2	1	2	1	2	1	2	3	1	1	2	1	1	2	1	1	1	2	1	2	1	2	3	1	1	1	2	1	1	1	1	1	1	1	1	2	1	1	1	1	2	1	2	3	1	2	1
TB	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓					
SA		✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓		✓	✓							✓	✓	✓																			✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓			
ED	✓	✓	✓	✓			✓	✓	✓										✓	✓	✓																			✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓		



Axenda da atención temperá en Galicia: 2015-2017